



# Alliteración en ti



---

XXVIII Premios Literarios "Minerva"  
◆ 2 0 0 0 ◆

## *Sen título*

◆ PRIMEIRO PREMIO DE POESÍA ◆

## **Tania García Ruibal**

---

Tania García Ruibal cursaba COU no I.E.S. Johan Carballeira no momento de recibir o premio, sendo esta a primeira vez que se presentaba a este certame. Anteriormente xa acadara outros galardóns como o primeiro premio de narrativa en 1999 e o segundo premio de poesía un ano despois no Certame literario de I.E.S. Johan Carballeira.

Esta rapaza de Bueu (Pontevedra) recoñece ler case todo o que cae nas súas mans, aínda que prefire autores como Benedetti, Saramago, Rivas, Sábato... Débese salientar a importancia das súas vivencias na súa obra, en especial a influencia que exercen "as mulleres da súa vida" nela, como súa avoa ou súa irmá.

Ela espera por el, xa cansa  
lembra o seu pasado deseñado  
e pensa que o suicidio,  
se é en lexítima defensa,  
non é pecado.

E fai do seu amor  
un presente histórico  
mentres repasa calcetíns  
para aquel vello corpo  
ese esquelete que non será corpo de vello.

E chove miudiño,  
e ela rebe na súa eternidade  
aberto o eterno paraugas negro.

As súas mans lixan a pel,  
vai perfumado de salitre,  
un peixe tráballe na alma.

Xa pensa que soñou  
que hai mundo fóra.

Dende o seu cárcere de madeira  
rouba vida da mar

quen un día ou moitos  
baila enfurecida  
e deixa sen cor un armario de muller.

E dálle o último bico a ese vello  
ese ancián de corenta anos.

Dezaoito anos con anel  
non máis de catro xuntos.

El foise facendo anacoreta  
cada vez máis perdido  
no intranquilo verquido da saudade.

Ela metamorfoséase en gaivota  
xa ten práctica  
e pode voar moi por riba do mar.

Eles onde o tempo  
que pasa, pero non existe  
traballou de reda

Dezaoito anos  
que fixeron coiro das mans del  
e constante cheiro a lixivia das dela.